

galiçia

#### SOLICITUDES

Os interesados deberán inscribirse e facer a solicitude a través da páxina web da Consellería do Medio Rural:

[http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/investigacion\\_e\\_formacion/transferencia\\_tecnologica/plan\\_e\\_actividades/](http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/transferencia_tecnologica/plan_e_actividades/)

Os interesados tamén poderán obter a solicitude a través da páxina web da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia



<http://evega.xunta.gal/>

Actividades de formación aprobadas para 2017 cofinanciadas polo FEADER

As solicitudes deberán remitirse perfectamente cubertas á EVEGA por:

Fax: 988 788 099 | e-mail: [evega.medio-rural@xunta.es](mailto:evega.medio-rural@xunta.es)

#### ORGANIZA

**evega** Estación de Viticultura  
e Enoloxía de Galicia

#### COLABORAN



Fondo Europeo  
Agrícola de  
Desenvolvemento  
Rural:  
Europa inviste no rural



GOBIERNO  
DE ESPAÑA  
MINISTERIO  
DE AGRICULTURA Y PESCA,  
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA  
DE GALICIA



# XORNADA TÉCNICA VITICULTURA E CAMBIO CLIMÁTICO A pegada de carbono

**29 de novembro de 2017**  
Parador Nacional de Turismo de Verín  
(Antigo Parador de Verín)  
Subida ao Castelo s/n | Monterrei

XUNTA DE GALICIA

## PROGRAMA

---

- 09:00-09:30 Entrega da documentación. Inauguración da xornada.
- 09:30-10:00 Presentación do Proxecto Diversidade de lévedos e de variedades de vide para a adaptación ao cambio climático navitivinicultura.  
Pilar Blanco Camba | *Investigadora da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia  
Consellería do Medio Rural*
- 10:00-10:45 Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050.  
Irene Piñeiro Arrivi | *Técnico da Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático  
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio*
- 10:45-11:15 O seguro agrario como instrumento de adaptación ao cambio climático no sector agrario.  
Miguel Pérez Cimas | *Adxunto ao Director da Entidade Estatal e Seguros Agrarios (ENESA)  
Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente*
- 11:15-11:45 Pausa-café
- 11:45-13:00 Metodoloxía para o cálculo da pegada de carbono e o seu rexistro. Pegada do produto e da organización. Caso práctico: Presentación dos resultados obtidos no cálculo da pegada de carbono da Evega: organización e produtos.  
Rubén Jiménez | *Técnico de Solid Forest*
- 13:00-13:30 Plan de redución da pegada de carbono. O caso das adegas.  
Luis Cortiñas González | *Enxeñeiro técnico agrícola. Consultor ambiental freelance*
- 13:30-14:00 Mesa redonda con todos os relatores.  
Moderador: Alfonso Losada Quiroga | *Enxeñeiro técnico agrícola*

## OBXECTIVOS

---

O cambio climático constitúe unha das maiores preocupacións ambientais na actualidade e un problema de política global, social e de saúde que se debese tomar en conta polos diferentes sectores da sociedade. Para diminuílo é necesario implementar programas que reduzan o impacto das distintas actividades humanas. Por isto, as institucións internacionais tomaron acordos e xeraron lexislacións encamiñadas a velar, fomentar e potenciar a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) por parte dos diferentes países (Protocolo de Kioto, Cumio do Clima, Plan de Acción de Bali, etc.).

Como toda actividade humana, o sector vitivinícola, como o sector agroalimentario, en xeral, achega unha parte alicota ao conxunto global do problema. Por esta razón, os organismos públicos debemos fomentar o coñecemento e divulgación deste tema entre os axentes do mundo da vitivinicultura; un sector sobre o que a influencia das condicións ambientais e agroclimáticas na calidade dos produtos é fundamental. Por iso a concienciación dos seus membros cara a unha maior sostibilidade da produción e o trato que se lle dá ao medio que os sustenta resulta imprescindible.

É fundamental concienciar o sector da importancia que supón que cada quen nos seus viñedos e/ou adegas tome as accións correspondentes para reducir as súas emisións. E isto debe facerse dende dous puntos de vista: un criterio técnico traducido nun control integrado das pragas e enfermidades, a redución de emisións e refugallos e unha utilización máis eficiente da enerxía na adega. E un segundo criterio sería o comercial, en virtude de que é moi importante avaliar os beneficios económicos destas medidas implementadas.

O cálculo ou estimación da pegada de carbono é un modo de medir e coñecer a cantidade dos GEI emitidos por unha organización, servizo ou produto. A partir deste coñecemento pódense deseñar e implementar estratexias e medidas de actuación, tanto de mitigación como de adaptación, por parte dunha organización. Así mesmo, o cálculo da pegada de carbono dos produtos facilitará a súa comercialización ao dotalos dunha marca da sostibilidade, un maior grao de competitividade e a imaxe de responsabilidade social, cuestións todas elas esixidas por un consumidor cada día máis concienciado co medio e a súa relación cun consumo responsable.

Os obxectivos principais desta xornada son:

- Dar a coñecer ao sector vitivinícola a influencia fundamental do cambio climático sobre el e as posibles ferramentas de adaptación a este.
- Presentar a estratexia da Xunta de Galicia cara ao cambio climático.
- Mostrar a potencialidade do cálculo da pegada de carbono dunha organización, produto e/o servizo, así como as distintas metodoloxías posibles para a súa estimación.
- Presentar os datos do cálculo da pegada de carbono da Evega como organización e dos seus viños institucionais como produtos.
- Mellorar o coñecemento sobre as fontes emisoras de contaminación dos GEI no sector e o xeito de identificar oportunidades dun aforro enerxético que traia canda si un aforro económico asociado e o seu potencial investimento en melloras estratéxicas para o sector.

## DESTINATARIOS

---

Viticultores, adagueiros, enólogos, persoal técnico de empresas vitivinícolas, de consellos reguladores, de oficinas agrarias comarcais, persoal investigador, estudantes. Con especial fincapé aos mozos/as de menos de 41 anos e os viticultores/adagueiros en activo. Público en xeral.

## INSCRICIÓN

---

Número de prazas: 100 | Data de inscrición: ata o día 27 de novembro de 2017